# FERROL E O QUE QUEDA POR CHOVER

**ALBERTE MOMÁN**

**Ferrol e o que queda por chover** (Lulu. 2008)

ISBN: 978-1-4092-1367-3

Alberte Momán

http://moman.wordpress.com

albertemoman@gmail.com

Publicado e distribuído por Lulu

(http://www.lulu.com)

o tempo da fuxida

os remorsos

implícitos

carecían de espazo nun corpo esgotado

**daquela:**

*se así o queres*

*saberei volverme fronte a todo*

*confeso sentirme lonxe*

*desta cidade de anos*

*que esqueceu mirar por min*

*no cansazo saberei mirar por ambos*

*pois construín o meu destino*

*coa madeira do apeiro*

*das ferramentas*

*que ouvearon na forza do tempo*

*e das horas*

*lonxe desta urbe*

*que medrou co seu avance*

*levo este rural húmido sobre o asfalto*

*que lle virou as costas*

*sorrindo*

*volvo sobre min*

*e digo*

*agora!*

**co tempo**

**a distancia**

e se cadra tamén

a madurez

**Ferrol** é unha sombra entre a brétema

lembro as noites
co *Peli* ou o *Bueno*
pedindo *unos durillos pal bus*
era a súa forma de exixir *la voluntá*
por non *cagarte a patadas*
pero iso non é máis que unha anécdota

Ferrol era a ameaza dun pai ao seu fillo
por falar en galego
por ser homosexual
ou facerse obxector de conciencia

Ferrol ten alma de poeta

Ferrol é o ‘72 nas *Casas Baratas*
o ’75 cun tiro nas costas na porta da súa casa
Ferrol eran as ostras dunha ría
cargada de espantos

o po do carbón ianqui

cubrindo as superficies

Ferrol é un peirao de ferralla

son as rúas escuras dun taboleiro de xadrez

un ateneo libertario

Carvalho Calero

o monte de Chamorro

no que voaban coitelos por unha cervexa

as pernas de Marla Singer

decepcionada

en cada taberna

Ferrol é a vitoria de cada paso poeirento

entre estaleiros

non acalado pola sombra da reconversión

é a figura da contradición

da contracorrente

das formas dun uniforme armado

de puños brancos de ***P****olicía* ***M****ilitar*

no número 1 da Praza de España

o Ferrol colonial que xamais foi colonizado

un Ferrol de campo de tiro
de lontras nunha lagoa asediada
de araos pendendo dun cantil
e arriscando a vida por uns cons húmidos
de mar batente

Ferrol é o Trasancos dos que rozan o monte
con lume e ferro
o Roi Xordo de todas as batallas
que tinguiron o Eume de vermello

Ferrol é unha vía de saída
de escape
a porta cara un mundo novo
lonxe
para fuxir del
desa cidade gris de tortura
con aquel chamado *provincialismo*
das súas xentes

Ferrol é unha cidade de Casino
da fame burguesa
de clubs de campo
de remo como evasión
por un mar que agarda sempre
sempre
a lagarteira
Ferrol de gardas que miran para onde non deben
de bandas adolescentes enchendo as rúas
Ferrol de miseria
de marxinalidade
e de *Cáritas* de conciencia limpa
Ferrol é San Francisco é San Xiao
son as prostitutas desdentadas que saían dos portais
no Ferrol vello
de castros sen memoria
de castelos

Ferrol é a ola dos resistentes
na que se coceron os ingredientes

da forza do país todo

Ferrol é a inxuria

o rudo encono

o fogar de Breogán

**Trasancos**

terra de fuxidos da inxustiza

dende as encostas do Belelle

cara a Casa das Bombas

mártires

onde xurdían refachos de luz

armada

Trasancos ten voz na escuridade

sempre furtiva

proscrita

entre a brétema

**Ferrol** son as aforas
o Souto
O Espiño
que coñezo ben
sempre na parroquia de San Xoan

subindo
Catabois e San Pablo
o Campo de Chao
onde cultivei os meus primeiros anos

Ferrol son os ensanches
nos que se criaba a frustración
do sen futuro
Ferrol son as horas de espera
se cadra para traballar nunha gasolineira
no Alto do Castiñeiro
xa en Narón
se cadra para vender doces industriais nun centro comercial
Ferrol ten forma de pirámide

de montaña de Sísifo
de escultura de mármore esvaradío
de agulla hipodérmica

Ferrol son as horas como anos
son o gris de Entre Ríos
onde ía Xaime a xogar ao tute
e a beber *cognac*
a choiva sobre a Praza de Rosalía
unha eterna ofrenda floral
do barrio proletario

Ferrol ten nome de minúscula prisión
cunha única saída
Ferrol garda o nome da humidade
o mar que se intúe sen ser visto
a condutividade eléctrica en chans cargados de sodio
a parques esquecidos
Cantón de Molíns
Raíña Sofía
a ferroláns tratados como aos animais deste último

sen saída

agardando eternamente a que veñan os cativos

a media tarde

a xogar

portando unha codia de pan balorecido

que levar ao peteiro

eis a caridade con Ferrol

que fixo esquecer esoutras horas

de suor sobre o asfalto

de sangue

en longas demostracións

de que Ferrol era posible

é posible

porque está con nós e entre nós

aínda no exilio

**Ferrol** de sentimentos encontrados

Ferrol da Praza de Cuba

e o que alí pasou unha tarde a comezos dos ‘90

Ferrol de Inferniño

daquel famoso Racing-Real Madrid

que fixera seareiros naquel campo

de grava e cemento

aló na Porta Nova

a Xuvia

na que se acuñou moeda

naquela entrada nova

para chegar á cidade por terra

a Estrada de Castela

que logo vería saír aos seus

afastados polas necesidade

**non** me custa recordar

as formas desta cidade

a miña

as pedras molladas da Magdalena

as horas pasando lentas

nun Esteiro repleto

o balbordo propio dun serán

ocioso

as pegadas do alcol

a Rúa Real abalando na miña propia inconsciencia

a Praza do Concello como parada obrigada

se cadra o Cruceiro dun Canido afastado

e sempre próximo

como as horas que non pasan

A Cabana e baixar ao mar sobre uns penedos

que semellan eles mesmos mar de verdín

Brión    Doniños

ruta alternativa cara o Cabo Prior

o faro

o vento do mar no rostro

as bágoas propias da friaxe
Raquel a das novas da televisión local
un sorriso que non procurei dela
e volta a Ultramar
a tomar unha última ao Acevedo
aló onde coñecera a Víctor
agora ausente
Faxardo xa de camiño a casa
canso
a noite ha traer repouso
se cadra un chisco de acougo
antes o can de María
dando ruidosamente as boas noites
e o leito
frío
deixándome durmir sen darme tempo a quentar os pés
nus e desfeitos da camiñada

**traizoo** as palabras
se digo que todo foi fermoso
se digo que non houbo dor
ningunha

marchei
como tantos outros
chamado pola necesidade de fuxir
a mágoa dun dano sempre imberbe
malia os anos
a hostilidade pueril contra todo
ás veces
tamén
contra os que foran instados a odiar
ao longo dos anos
un autodesprezo mil veces referido
a fronteira dun muro infranqueable

era pagar un prezo demasiado alto
e o traballo

tamén este demostrouse determinante

e fuxín
sempre volvendo a vista
para divisar o que ía deixando

pero con Ferrol
as distancias nunca son bastantes
sempre queda un pouso
que nos fai volver
que nos sinala co seu estigma
a nosa máis íntima personalidade

Ferrol vai nas veas
como un outro fluído vital
como a humidade súa que nos asolagou
por completo
para non deixarnos nunca

**foi** tamén Ferrol o *Caudillo*
que pasou como unha lousa
e ficou só como unha sombra
entre a néboa

e os militares
con epicentro no Bar América
ou no Asturias

o bacharelato no Sofía Casanova
e as tardes entre os cadros de Polo
xogando ao billar

o Ferrol de mirada obtusa en fronte ao Casino
e o tempo xunto do comercio de Barros
onde traballaba                    quen?
xa non lembro o nome
a adolescencia difícil
da que estivera namorado
representando a un Ferrol marxinal

numeroso pero ingrávido
sobre unha realidade que o superaba
que nos superaba a todos e a todas
pasando sobre nós
como pegada xigante
dun Roldan desapiadado

aséntome firme sobre os recordos
cunha Melba levándome
case da man
ao meu primeiro recital

sigo os pasos da miña infancia
en cada visita ás súas rúas

Alba da rúa Enxeñeiro Comerma
e outra vez as horas
os inocentes minutos de espera
agardando un futuro afastado
tan lonxe

**Ferrol** de multitudes antifeixistas

Ferrol de rúas ateigadas

Ferrol de proclamas

volvo sobre o ‘72

sobre a reconversión

e as sucesivas

volvo sobre o *Mar Egeo*

sobre o campo de tiro

aló no Outeiro en Doniños

volvo sobre a lagoa

sobre o peirao

e a súa actividade

volvo sobre Reganosa

os veciños de Meá en Mugardos

vivan sempre

activistas

e activos tamén

Artábria

Adega

a Defensa da Ría

e volvo sobre os pasos para dicir

que existe o futuro

a esperanza

compartida con Carvalho Calero

existe *terra e tempo*

memoria

existe O Val no recordo

*o ladrón das patacas*

a represión na pel dos vivos

e existirá a vitoria

sempre

**defendo** o meu estigma
dun Ferrol aditivo
como a cocaína que describira
aquel Xiao Roel catedrático en experiencias
de camiño a Salceda

dun Ferrol heroinómano
de brazo mechado
de abandono en calquera estrada a ningures
nun Campo de Chao indefenso
de adulterada mocidade
de vistas alén
da fuxida
do retorno
a cada intre
de todo o vivido
pois non foi en vano

**e** logo as tardes de Lago
se cadra cara Ares
Seselle
da outra beira
Chanteiro
e a noite ao chegar

un Ferrol de verán
de horas ao sol

as horas
como nubes agardando
un momento
o instante preciso
para cubrir o ceo cun setembro tormentoso
desordenado

as horas
sempre furtivas
nun Caaveiro sen anos
sen as idades do tempo

inexorables

a madurez

e a mudanza

as horas

e nese tempo

Cedeira

Ortigueira

as mazás para sidra

recollidas puntualmente

a cervexa

unha constante

a música

a friaxe

as horas

sempre imperturbables

o tempo que non se esquece

e o momento exacto

no que un decide

toma a peor das decisións posibles

a máis dura

e abandona a infancia

en cada un deses lugares

recordados sempre

e as horas pasan a ser outra cousa

un tempo novo

sempre de cara o pasado

**Ferrol** existe

na memoria

na pel espida

nas palabras

Ferrol ten sentido

alén de cada crise

do chegado do mar

e del mesmo

da terra que nos viu medrar

case como unha abstracción

Ferrol é memoria

é vida en esencia

e esencialmente

**espero**

con certa esperanza real

positiva

e confío nos alicerces desta cidade de anos

levo estas palabras comigo

sempre

pois non desisto do empeño da reconstrución

de reconverter unha reconversión lapidaria

de retomar os azos da historia

dos pasos cansos do noso propio esforzo

común

levo comigo a memoria

da represión vivida na pel de todos os corpos

porque son en esencia os nomes todos

dos que souberon mirar alén das propias fronteiras

**reflexiono**

de pé

en fronte da miña casa natal

sobre o construído en derredor

sen ver a distancia dos anos

as perturbacións da historia

disposto a comezar o camiño

novamente

**Alberte Momán**
**Ferrol 1976**

Outros libros deste autor:

**O lobo da xente**. (Edicións Positivas. 2003) II Premio Narrativas Quentes

**O alento da musa**. (Difusora de Letras Artes e Ideas. 2007)
http://oalentodamusa.wordpress.com

Volumes Colectivos:

**Xuro que nunca volverei pasar fame. Poesía Escarlata** (Difusora de Letras Artes e Ideas. 2003)

**Isto é un poema e hai xente detrás** (Espiral Maior. 2007) participando coa obra **De ter un can chamaríalle Guenguis**

**A porta verde do sétimo andar** (Edición d@s autor@s. 2007)
http://aportaverde.blogspot.com

Premios:

**O lobo da xente**. Premio Narrativas Quentes. 2003

**Erótica**. Premio Francisco Añón de Poesía. 2004

**O pasado nas horas**. Premio de Poesía Rosalía de Castro de Cornellá. 2004

**De ter un can chamaríalle Guenguis**. Mención de Honra no GZCREA 2006

**Baile Àtha Cliath**. Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas. 2007

**Agora**. Premio de poesía do Concello de Ames. 2008

Esta revisión de
**FERROL E O QUE QUEDA POR CHOVER**
foi realizada o 14 de xuño de 2008